

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024-2025 correspondente aos corpos de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Pola Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º89, do 10 de maio), que, no seu apartado cuarto, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de mestres e ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades por parte do persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 32, 14 de febreiro de 2024), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria.

Con base no que establece o apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 31 de xaneiro de 2024, (DOG núm. 32, 14 de febreiro de 2024).

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e publicar na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/>, as listas provisionais, para a cobertura de interinidades e substitucións para o curso académico 2024/2025 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo. Aprobar e publicar no portal de internet desta consellería, www.edu.xunta.gal, no Anexo I a relación provisional de persoas excluídas das listas correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 con dereito a incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións á lista provisional ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), utilizando o procedemento ED001A, opción "Alegacións" da solicitude no corpo e especialidade correspondente, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional.





Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

